

## PLAN DE ACTUACIÓN E MELLORA DOS BARRIOS DE PONTEVEDRA

O Partido Popular propón un plan de actuación e mellora de 10 barrios de Pontevedra que nestes momentos non ofrecen aos cidadáns que residen neles as condicións de calidade de vida desexables. Un plan que beneficiará aos 35.000 pontevedreses que residen nestes barrios.

As actuacións que se propoñen van desde as máis básicas como a separación da rede de augas residuais e pluviais á mellora dos espazos públicos e edificacións residenciais. A ordenación dos espazos peonís e de vehículos e a dotación de novos equipamentos como parkings, zonas verdes e instalacións deportivas.

O plan contempla un investimento de 64.529.000 € ao longo de 4 anos:

- 2009: 18.575.000 €
- 2010: 19.214.000 €
- 2011: 14.845.000 €
- 2012: 11.895.000 €

Ao Concello lle corresponde investir ou atraer investimentos doutras administracións por importe de 44.329.000 €. En 2009: 11.175.000 €, 2010: 9.164.000 €, 2011: 12.095.000 €, 2012: 11.895.000 €.

A Deputación investirá 5.639.000 €, aínda que poderían ser máis si se acorda financiar parte das actuacións dos barrios co plan de investimentos que está preparando a Deputación.

O plan tamén inclúe o investimento de 13,5 M€ para a construción de 4 parkings. 7 M€ que se destinarán a 2 parkings que propoñemos se financien mediante concesión administrativa. E 6,5 M€ para a construción doutros 2 parkings de residentes que financiarán os veciños interesados en adquirir as prazas de aparcamento.

Por último, 1,1 M€ que corresponden ao soterramento da liña de alta tensión en Monte Porreiro os financiarán a Consellería de Industria e Unión Fenosa tal e como establece o convenio suscrito.

Os investimentos distribúense en 27,6 M€ que se destinan á mellora de viais, accesos e construción de parkings. A humanización de rúas coa mellora de servizos básicos e soterramento de cables alcanza os 18,5 M€. Os equipamentos deportivos, infantís e zonas verdes supoñen 14 M€ e a rehabilitación de edificios residenciais un investimento de 4 M€.

<b>CADRO XERAL DE INVESTIMENTOS EN BARRIOS</b>					
<b>Barrio</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>TOTAL</b>
A Seca	1.200.000 €	1.800.000 €	750.000 €	500.000 €	4.250.000 €
Monte Porreiro	4.900.000 €	4.739.000 €	4.000.000 €	4.300.000 €	17.939.000 €
San Antoniño	2.000.000 €	2.350.000 €	1.250.000 €	200.000 €	5.800.000 €
A Parda	1.200.000 €	1.500.000 €	2.400.000 €	900.000 €	6.000.000 €
Mollabao	1.000.000 €	900.000 €	900.000 €	600.000 €	3.400.000 €
O Burgo	2.000.000 €	2.000.000 €	2.000.000 €	2.600.000 €	8.600.000 €
San Roque	2.000.000 €	2.000.000 €	1.000.000 €		5.000.000 €
Praceres	1.400.000 €	1.000.000 €	800.000 €	1.300.000 €	4.500.000 €
Etribela	2.000.000 €	1.700.000 €	1.500.000 €	1.120.000 €	6.320.000 €
Santa Clara	875.000 €	1.225.000 €	245.000 €	375.000 €	2.720.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>18.575.000 €</b>	<b>19.214.000 €</b>	<b>14.845.000 €</b>	<b>11.895.000 €</b>	<b>64.529.000 €</b>
Concello	11.175.000 €	9.164.000 €	12.095.000 €	11.895.000 €	44.329.000 €
Deputación	2.300.000 €	3.339.000 €			5.639.000 €
Parking conc. administrativa	2.000.000 €	3.500.000 €	1.500.000 €		7.000.000 €
Parking residentes	2.000.000 €	3.250.000 €	1.250.000 €		6.500.000 €
C. Industria e Unión Fenosa	1.100.000 €				1.100.000 €

## A SECA

### **SITUACIÓN ACTUAL**

- O acceso pola rúa da Seca e Francisco Añón está sen acondicionar e ofrece pouca seguridade ao peón.
- Falta de organización dos espazos para aparcar.
- 50 VPO en moi mal estado. Fachadas e tellados moi deteriorados.
- Pista polideportiva totalmente abandonada e sucia.
- Cableado en superficie e en mal estado.
- Mala comunicación polo Outeiro, estrada bacheada, estreita, sen beirarrúas nin sinalización.

### **MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA**

1. Mellora acceso por rúa de Francisco Añón e ordenación de aparcamentos	1.200.000 €
2. Barreiras anti-ruído a ambos lados da vía do tren	ADIF*
3. Acondicionar pista polideportiva	300.000 €
4. Mellorar e ampliar o acceso polo Outeiro	1.500.000 €
5. Soterrar cableado existente en superficie	250.000 €
6. Rehabilitar fachadas e tellados	1.000.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.250.000 €</b>

\*As barreiras para evitar os ruídos do tren serán financiadas por ADIF.

## **PLAN DE ACTUACIÓN E INVERSIÓN 2009-2012**

• Presupuesto 2009: actuación 1	1.200.000 €
• Presupuesto 2010: actuaciones 3, 4 e 5	1.800.000 €
• Presupuesto 2011: actuación 6	750.000 €
• Presupuesto 2012: actuación 6	500.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.250.000 €</b>

## MONTE PORREIRO

### **SITUACIÓN ACTUAL**

- Vivendas de protección oficial en mal estado.
- Zonas verdes e pistas deportivas abandonadas.
- Zona do campo de fútbol e pavillón moi deteriorada.
- Zona verde de bosque do mirador á cidade moi descoidada.
- Liña de alta tensión en superficie.
- Falta de limpeza e papeleiras moi deterioradas ou inexistentes.
- Vial de entrada e saída pola UNED estreito.
- Falta de aparcamentos especialmente no entorno da UNED.

### **MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA**

1. Construír rotonda en cruce diante da UNED	300.000 €
2. Ampliar vial de entrada pola UNED	600.000 €
3. Mellorar e ampliar o vial de saída pola UNED	2.000.000 €* <sup>*</sup>
4. Recuperar gran zona verde de bosque do mirador	400.000 €
5. Mellora vial de acceso paralelo ao río	Empresa Municipal** <sup>**</sup>
6. Soterrar liña de alta tensión	1.700.000 €*** <sup>***</sup>
7. Novos aparcamentos e acondicionar existentes	1.000.000 €
8. Humanización de rúas	5.000.000 €
9. Mellora parques e zonas verdes	600.000 €

10. Mellora do campo de fútbol e entorno	1.000.000 €
11. Nova sede da policía local	700.000 €
12. Novo acceso polo oeste con nova ponte	4.639.000 €****
<b>TOTAL</b>	<b>17.939.000 €</b>

\*A metade, é dicir 1 M€, os aportará a Deputación.

\*\*O custe desta actuación computarase dentro dun proxecto máis amplo, o Bulevar do Lérez.

\*\*\*1,1 M€ do soterramento da liña de alta tensión corresponde á Consellería de Industria e Unión Fenosa.

\*\*\*\*Os 4,6 M€ da nova ponte os aportará a Deputación.

#### **PLAN DE ACTUACIÓN E INVESTIMENTO 2009-2012**

• Presuposto 2009: actuacións 1, 2, 6 e 12	4.900.000 €*
• Presuposto 2010: actuacións 3, 4 e 12	4.739.000 €**
• Presuposto 2011: actuacións 7 e 8	4.000.000 €
• Presuposto 2012: actuacións 8, 9, 10 e 11	4.300.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.939.000 €</b>

\*O ano 2009 inclúe 2,3 M€ da nova ponte do Lérez que financia a Deputación e 1,1 M€ da parte que lle corresponden a Industria e Unión Fenosa no soterramento da liña de alta tensión. Polo tanto, o Presuposto municipal solo deberá destinar 1,5 M€ (900.000 € para a actuación 1 e 2 e 600.000 € da parte que lle corresponde ao Concello no soterramento da liña de alta tensión).

\*\*O ano 2010 inclúe 2,3 M€ da nova ponte do Lérez que financia a Deputación e 1 M€ do vial de saída de Monte Porreiro pola UNED.

## SAN ANTONIÑO

### SITUACIÓN ACTUAL

- Saturación de coches aparcados en parcelas sen urbanizar.
- Carece de espazos libres públicos.
- Suciedade e maleza en parcelas céntricas sen urbanizar.
- Falta de seguridade no entorno de rúa Luís Amado Carballo.
- Inundacións en rúa Padre Fernando Olmedo, beirarrúas e calzada deterioradas en todo o seu entorno.
- Mala iluminación.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Humanizar rúa Fernando Olmedo e dotala de dispositivo permanente para evitar inundacións	3.100.000 €
2. Parking residentes (260 prazas) e praza en superficie	2.500.000 €*
3. Ordenar espazos en rúa Luís Amado Carballo	200.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.800.000 €</b>

\*O parking financiarase mediante venta de prazas para residentes.

## PLAN DE ACTUACIÓN E INVESTIMENTO 2009-2012

• Presuposto 2009: actuación 1	2.000.000 €
• Presuposto 2010: actuacións 1 e 2	2.350.000 €*
• Presuposto 2011: actuación 2	1.250.000 €*
• Presuposto 2012: actuación 3	200.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.800.000 €</b>

\*Nas anualidades 2010 e 2011 parte dos investimentos previstos, en concreto 2,5 M€ (1,25 M€ cada ano) o aportaría a empresa municipal creada a tal efecto en base aos ingresos previstos da venta das prazas entre os residentes.

## A PARDA

### SITUACIÓN ACTUAL

- Barrio relativamente novo e, sen embargo, está sen apenas desenvolver, sen urbanizar adecuadamente.
- Carece de aparcamentos suficientes, especialmente no entorno dos xulgados.
- Carece de zona de espazos libres públicos.
- Rúas estreitas, sen apenas beirarrúas; coches ocupando as poucas beirarrúas que hai.
- A praza Fermín Bouza Brey é nova, pero está abandonada, sen uso.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Novo parking subterráneo con parque en superficie	3.000.000 €* 
2. Nova zona verde entre rúa Francisco Tomás y Valiente e a futura rotonda	600.000 € 
3. Mellora rúa Francisco Tomás y Valiente e rediseño da Praza Fermín Bouza Brey	1.800.000 € 
4. Novo parque entre vías de tren e xulgados	600.000 € 
<b>TOTAL</b>	<b>6.000.000 €</b>

\*O parking finánciase por concesión administrativa.

## **PLAN DE ACTUACIÓN E INVESTIMENTO 2009-2012**

• Presuposto 2009: actuacións 2 e 4	1.200.000 €
• Presuposto 2010: actuación 1	1.500.000 €*
• Presuposto 2011: actuacións 1 e 3	2.400.000 €*
• Presuposto 2012: actuación 3	900.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.000.000 €</b>

\*As anualidades 2010 e 2011 inclúen cada unha delas unha partida de 1,5 M€ que aportará a empresa concesionaria do parking. No caso de que se decidira que parte do parking se destinara para residentes o aportaría a empresa municipal creada a tal efecto en base aos ingresos previstos da venta das prazas.

## MOLLABAO

### SITUACIÓN ACTUAL

- Pistas polideportivas debaixo da AP-9 moi deterioradas.
- Zona verde debaixo da AP-9 sucia e descoidada.
- Entorno Centro de Saúde con pouco aparcamento, sen apenas beirarrúas, coches aparcados enriba delas e das zonas verdes.
- A zona do lavadoiro e o cauce do río está abandonada e acumula suciedade e maleza.
- Vertidos sen canalizar, suciedade e malos cheiros. Desastroso.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Mellora do entorno do centro de saúde	600.000 €
2. Reordenación aparcamentos existentes	200.000 €
3. Acondicionar parque infantil en parcela libre, debaixo dos pilares da AP-9 e a rúa Rosalía de Castro	200.000 €
4. Remodelar pistas polideportivas debaixo da AP-9	300.000 €
5. Acondicionamento vial e aparcamentos	600.000 €
6. Recuperar e mellorar parque moi deteriorado, debaixo da AP-9, mellorando iluminación e seguridade	400.000 €
7. Recuperar o entorno do río, acondicionando a zona do lavadoiro, mellorando o seu acceso e recuperando o cauce	500.000 €
8. Crear novo aparcamento acondicionado entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Fontesanta	600.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.400.000 €</b>

## PLAN DE ACTUACIÓN E INVERSIÓN 2009 – 2012

## O BURGO

### SITUACIÓN ACTUAL

- Falta de espazos libres e equipamentos.
- Degradación da Xunqueira de Alba, de difícil acceso para os peóns.
- Edificacións en mal estado.
- Falta de aparcamentos.
- En xeral, o barrio presenta problemas de ordenación, fai falta facer cidade, ordenar os espazos para as actividades que hai e as zonas residenciais.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Parking soterrado fronte pavillón municipal	3.000.000 €* <sup>*</sup>
2. Praza pública enriba de parking fronte ó Pavillón	1.000.000 €* <sup>*</sup>
3. Cidade económica de O Burgo	sen custo para o Concello
4. Recuperación Xunqueira de Alba	1.000.000 €
5. MELLORAS en vivendas	3.000.000 €
6. MELLORAS parque Rosalía de Castro	600.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.600.000 €</b>

\*O parking soterrado enfronte do pavillón municipal e a praza pública en superficie finánciase mediante concesión administrativa.

## **PLAN DE ACTUACIÓN E INVESTIMENTO 2009 – 2012**

• Presuposto 2009: actuación 1 e 2	2.000.000 €*
• Presuposto 2010: actuación 1 e 2	2.000.000 €*
• Presuposto 2011: actuacións 4, 5 e 6	2.000.000 €
• Presuposto 2012: actuación 5	2.600.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.600.000 €</b>

\*As anualidades 2009 e 2010 fináncianse na súa totalidade mediante concesión administrativa.

## SAN ROQUE

### SITUACIÓN ACTUAL

- O barrio de San Roque ten 2 zonas a mellorar: o entorno da praza de toros e a desembocadura do río Gafos e praza Gremio dos Mareantes.
- Falta de aparcamento. De luns a venres o entorno da desembocadura do río Gafos é utilizado como aparcamento por persoas que veñen a Pontevedra a traballar, impedindo deste xeito o disfrute da zona.
- As ribeiras do río gafos están descoidadas e sucias.
- San Roque é a saída natural de Pontevedra cara o mar e, como tal, debería recuperar para os cidadáns amplos espazos peonís.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Parking soterrado e praza en superficie entorno praza de toros	4.000.000 €* Empresa municipal**
2. Soterramento tráfico de avd. Corbaceiras e parking con intercambiador	Empresa municipal**
3. Gran praza pública en Gremio dos Mareantes e zona portuaria	Empresa municipal**
4. Recuperación entorno desembocadura río Gafos	1.000.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.000.000 €</b>

\*O parking e a praza en superficie finánciase por concesión.

\*\*As actuacións 2 e 3 forman parte dun proxecto máis amplo, Bulevar Lérez e se financiará mediante a creación dunha empresa municipal.

## PLAN DE ACTUACIÓN E INVESTIMENTO 2009 – 2012

• Presuposto 2009: actuación 1	2.000.000 €*
• Presuposto 2010: actuación 1	2.000.000 €*
• Presuposto 2011: actuación 4	1.000.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.000.000 €</b>

\*As anualidades 2009 e 2010 as aportaría a empresa municipal creada a tal efecto, en base aos ingresos previstos da venta das prazas entre os residentes.

## OS PRACERES

### SITUACIÓN ACTUAL

- Falta de aparcamento, coches en dobre fila e pouca seguridade nas horas de saída do colexio.
- Parques infantís moi abandonados e perigosos. Vallas tiradas, xogos estropeados ou rotos e coches abandonados.
- Zona de esparcemento detrás do campo de fútbol totalmente abandonada, con mesas e bancos rotos. Moi sucia.
- Pista polideportiva moi deteriorada, sen repoñer equipamentos.
- Tendo en conta a existencia dun colexio con tantos alumnos, a zona está moi descoidada e moi pouco segura.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Mellora de accesos e ordenar aparcamentos entre Colexio Sagrado Corazón e a Igrexa de Nsa. Señora dos Praceres e acondicionar o entorno	1.000.000 €
2. Acondicionar parques infantís, renovando equipamentos, dotándoos de máis seguridade e limpeza	700.000 €
3. Mellorar e acondicionar pista polideportiva con equipamentos novos	700.000 €
4. Recuperar zona de esparcemento con novos equipamentos, máis iluminación e seguridade	800.000 €
5. Melloras no campo de fútbol	700.000 €
6. Recuperación de pequena praia e entorno	600.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.500.000 €</b>

## **PLAN DE ACTUACIÓN E INVERSIÓN 2009 – 2012**

• Presupuesto 2009: actuaciones 2 e 3	1.400.000 €
• Presupuesto 2010: actuación 1	1.000.000 €
• Presupuesto 2011: actuación 4	800.000 €
• Presupuesto 2012: actuaciones 5 e 6	1.300.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.500.000 €</b>

## ESTRIBELA

### SITUACIÓN ACTUAL

- Dotar de saneamento.
- Cableado de media tensión, recén posto, por enriba das vivendas.
- Rúas estreitas e empinadas polas que apenas pode subir unha persoa maior. Sen mellorar desde hai 40 anos.
- Falta de limpeza, rúas cheas de herbas, sen luz.
- Zonas verdes abandonadas, zonas de aparcamento sen sinalizar.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Plan de humanización: separación de augas pluviais e fecais e canalización manantial da zona	2.000.000 €
2. Reforma da Praza de Abastos e entorno	700.000 €
3. Reordenación de aparcamentos	200.000 €
4. Mellora de parques infantís e pista polideportiva	800.000 €
5. Mellora e acondicionamento da C-550	1.500.000 €
6. Soterramento liña de media tensión	800.000 €
7. Rehabilitar lavadoiros rúa de Cunchidos e Martín Raxo	320.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.320.000 €</b>

## **PLAN DE ACTUACIÓN E INVERSIÓN 2009 – 2012**

• Presupuesto 2008: actuación 1	2.000.000 €
• Presupuesto 2009: actuaciones 2, 3 e 4	1.700.000 €
• Presupuesto 2010: actuación 5	1.500.000 €
• Presupuesto 2012: actuaciones 6 e 7	1.120.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.320.000 €</b>

## SANTA CLARA

### SITUACIÓN ACTUAL

- A rúa Santa Clara presenta deficiencias na praza José Martí, falta mobiliario e iluminación. Tamén o entorno do Convento de Santa Clara ten beirarrúas moi estreitas e contedores afeando o entorno.
- A rúa Cruz Vermella necesita unha reforma integral ó igual que a praza da Castaña que presenta problemas cos contedores e os cables ó aire.
- A rúa Álvaro Cunqueiro necesita mellorar beirarrúas, arborado e novo alumeado.
- A rúa Salustiano Portela Pazós ten beirarrúas moi estreitas e deterioradas, alumeado mal distribuído e necesita arborado.
- A rúa dos Irmáns Sobrino Buhigas presenta problemas similares ao resto das rúas do barrio.

### MELLORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA

1. Humanización e completa remodelación da rúa Santa Clara e a praza José Martí	875.000 €
2. Reforma e humanización da rúa Cruz Vermella, incluíndo a praza da Castaña	1.225.000 €
3. Reforma e humanización da rúa Álvaro Cunqueiro	245.000 €
4. Reforma e humanización da rúa Salustiano Portela Pazos	230.000 €
5. Humanización da rúa dos Irmáns Sobrino Buhigas	145.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.720.000 €</b>

## **PLAN DE ACTUACIÓN E INVERSIÓN 2009 – 2012**